

5º E 6º CURSOS



SOPA DE EUROPA

Rafael Ordóñez Cuadrado e Ximena Maier
Editorial Alfaguara Infantil.

Un grupo de alumnos gaña o concurso Coñeces Europa? E o premio consiste nunha viaxe para cada neno e nena a un país de Europa. Teñen que contar a súa viaxe, cada un como queira: xogos, letras que desaparecen, etc. Para viaxar lendo!

AQUEL NENO

Xosé Neira Vilas e Xosé Vlzoso
Edicións Embora

Obra de Neira Vilas na que volve ao mundo rural para nos describir a vida a principios do século XX, tempos de infancia e xuventude contados en historias breves dun neno de aldea.



VOLVERÁS, GOLFIÑO

Andrea Maceiras
Editorial Xerais

A familia de Iris vese obrigada a mudarse á casa do avó na Costa da Morte. Alí as longas tardes do verán énchense coas visitas da nena ao desacougante areal de Trece e coa luz do faro de Cabo Vilán, que advirte de invisíbeis perigos



XILDAS

Antonio Manuel Fraga
Editorial Sushi Books

A vida transcorre allea á fantasía na vila mariñeira de Sesgaña. Ata que un día, Catuxa atopa casualmente o trasno Xildas. Xunto cos seus amigos, este nena argalla un plan para axudar ao trasno e buscarlle un novo fogar.



ESTA GUÍA DE LECTURAS É UN TRABALLO COLABORATIVO ENTRE OS SEGUINTE CENTROS PLAMBE:

- CEIP CABADA VÁZQUEZ
- CEIP FIGUEROA
- CEIP O FOXO
- CEIP PLURILINGÜE OCA



ESTAMOS NA REDE:

bibliotecadaspalabrasmaxicas.blogspot.com

facebook/miroleo

RECOMENDACIÓNS LECTORAS VERÁN 2015

TAMÉN NO VERÁN
ILUMÍNATE CUN LIBRO NA MAN



CURSO 2015–2016.

CEIP PLURILINGÜE DE OCA

INFANTIL



O SEÑOR RAMÓN E A SEÑORA RAMONA

Beatriz Montero e Leire Salaberria

Editorial QQQ

O señor Ramón e a señora Ramona estaban durmindo cando un ruído estraño os despertou. Que será?

CANTA A LÚA COAS ESTRELAS

Rosalía Morlán, Manole de Felisa e Isa Alvela

Editorial Sons de Galicia

Un poemario musical. Unha escolma poética catorce cancións para reler (escoitar, sentir, acariciar, ollar...) mil veces mil.



A MELLOR SOPA DO MUNDO

Susana Isren

Mar Ferrero

Editorial: QQQ


Nunha pequena cabana perdida no bosque unha tartaruga estaba a preparar a comida. Empeza a nevar e moitos animais acaban petando á porta dela. Xuntos fan unha sopa cun segredo especial

CADA VEZ MÁIS ALTO

Ernst Jandl e Norman Junge

Editorial: Kalandraka

Acompaña a este simpático personaxe que cada vez quere chegar máis e máis alto.



1º E 2º CURSOS



O XARDÍN DE IRENE

Xosé Neira Vilas e Leandro Lamas

Edicións Embora

Trátase dun poemario para nenos e nenas. Nel o poeta galego anima a coidar da natureza a través de Irene, unha nena de oito anos filla dunha sobriña do propio Neira Vilas.

¡PAPÁ, NO FUI YO!

Ilan Brenman

Editorial Edelvives

Un pai estaba traballando no seu escritorio cando oíu un ruído. De súpeto aparece a súa filla explicando que foi un leopardo que acaba de tirar o seu libro favorito. O pai, desconfiando da imaxinación da filla non o cre ... ata que decide ir ver o libro ...



EU CURAREITE, DIXO O SO PEQUENO

IJanosch e Silvia Pérez Tato

Editorial Kalandraka

Cando tigre pequeno enferma, oso pequeno preocúpase de coidalo e todos os veciños do bosque o acompañan no seu traslado ao hospital de animais. A amizade nos momentos difíciles é o tema deste fermoso libro.



EL PEQUEÑO DRAGÓN COCO Y SUS AVENTURAS

Ingo Siegner

Editorial La Galera

A este dragón pásanlle cousas moi curiosas. Nesta ocasión terá que enfrentarse a un monstro mariño. Queres acompañalo nesta aventura?



3º E 4º CURSOS



OLA, ESTÚPIDO MONSTRO PELUDO!

Fina Casalderrey

Editorial Galaxia

Se, de súpeto, un día teu pai regresase a casa transformado nun auténtico monstro... ... E se ti, que tes poderes para velo todo, estiveses aínda dentro da tripa de túa nai... que farías?

ASTÉRIX E OS GODOOS

Renné Goscinny e Albert Uderzo

Editorial Xerais

Unha pequena aldea gala resiste fronte ao exército romano. Nesta ocasión os nosos heroes teñen que rescatar a Panorámix.



NATURALEZA Y AVENTURA

Autores varios

Editorial NVG

Con este libro descubrirás interesantes animais e plantas.

O MISTERIO DO LIXO MUTANTE

Carlos Freire Cordeiro e Pedro Moreno

Editorial Sushi Books

Catro gatos da rúa atopan entre restos de comida unha botella cuns extraños xeroglíficos. A curiosidade por coñecer o autor da misteriosa mensaxe levaalos a vivir múltiples aventuras, escoitar historias entretidas e a descubrir os segredos do mundo da reciclaxe, xogar e aprender.

